



Actividade extraescolar de natación:

Dende a dirección do Centro Deportivo de Campolongo damos a coñecer a actividade “Natación Extraescolar” para este curso 2022-2023.

Esta actividade de natación terá como fin familiarizar e iniciar na aprendizaxe da natación, cun carácter lúdico, así como a práctica do exercicio físico no medio acuático.

1.- Temporalidade da actividade:

A actividade de “Natación Extraescolar” ten carácter anual, comezando o **1 de Outubro de 2022 e rematando o 31 de Malo de 2023.**

Divídese en 2 cuatrimestres, este primeiro vai dende o luns 3 de Outubro ata o Venres 27 de Xaneiro.

Segue o calendario escolar, é dicir: **hai actividade extraescolar de piscina cando é día lectivo.**

2.- Solicitude de praza:

- As prazas para poder comezar o primeiro día de curso poderán solicitarse ata o **mércores 14 de Setembro a través da ANPA.**
- Todos os rapaces serán inscritos na actividade a través de solicitude por escrito da ANPA. **En ningún caso se anotarán rapaces directamente na instalación.**
- As reservas irán confirmándose por riguroso orden de chegada dos emails das ANPAS e ata agotar o número máximo de prazas ofertadas.

3.- Horario da actividade:

- As actividades terán una frecuencia de **1 clase semanal**, a escoller polos centros interesados, e una duración de **45 min por clase.**
- As opcións de horario da actividade serán:

- **Mércores e venres ás 15:45:** rapaces que **NON** sepan nadar na piscina profunda (que mide 1,90 metros de profundidade).
- **Mércores e venres ás 15:45:** rapaces que **SÍ** sepan nadar na piscina profunda (que mide 1,90 metros de profundidade).
- **Mércores e venres ás 16:30:** **Só** rapaces que **SÍ** saben nadar na piscina profunda (que mide 1,90 metros de profundidade).

(a clase que comeza ás 15:45 remata ás 16:30; a clase que comeza ás 16:30 remata ás 17:15)

4.- Normativa da actividade:

- Lembrámoslles que para poder participar nas clases, todos os rapaces han de traer de xeito obrigatorio un gorro, bañador, gafas e chanclas (no caso de usar escafpíns, non poderán meterse directamente con eles na auga).
- Na instalación non dispoñemos de material para préstamo, pero si dunha tenda para mercar material de piscina.
- Cada nen@ terá a súa disposición unha taquilla individual, é responsabilidade dos pais empregar un candado para a súa seguridade.

5.- Idade mínima dos rapaces:

- Os nenos que desexen vir ó curso de “Natación Extraescolar” han de estar matriculados no vixente ano, como mínimo, en 2º curso do 2º ciclo de Educación Infantil (4 anos).

6.- Normativa vestiarlos:

- Hai dous vestiarios para o uso de ANPAS e CLUBES: “familias e grupos”, un masculino e un feminino.
- Nestes vestiarios se van acompañados dunha muller deberán ir ó feminino, e sen van acompañados dun home ó masculino.



Centro Deportivo BeOne Campolongo

- Os menores de 7 anos poden ir ó feminino de grupos e as menores de 7 anos poden ir ó masculino de grupos.
- Só pode ser un adulto por neno, que usará chanclas na zona de duchas e non permanecerá no vestiario mentres dure a clase (accederá 5 minutos antes de rematar a actividade).

7.- Prezo da actividade:

· O prezo da actividade extraescolar de piscina é de **38,98 euros ao cuatrimestre e farase por adiantado ao ANPA** (pendiente de la actualización de las tarifas públicas con una subida del 2,5%).

8.- Formalización da inscrición:

Unha vez que os pais confirmen a inscrición dos seus fill@s ao ANPA e fagan o pago correspondente, será a ANPA a encargada de enviar o total dos nenos á coordinadora de piscina do centro para proceder á súa reserva de praza.